

# **BASES PARA A SELECCIÓN DUN DIRECTOR-XERENTE, TÉCNICO EN DESENVOLVEMENTO RURAL E AUXILIAR ADMINISTRATIVO PARA A EXECUCIÓN DO PROGRAMA LEADER 2007-2013 DO GRUPO DE DESENVOLVEMENTO RURAL RIBEIRA SACRA (GDR Ribeira Sacra),**

## **1. OBXECTO DA CONVOCATORIA:**

A presente convocatoria ten por obxecto fixar as bases que han de rexer para a selección de tres postos de traballo dentro do marco do programa Leader de Galiza 2007-2013 para o GDR Ribeira Sacra

Os postos a cubrir son:

- 1 posto de Director- Xerente, con adicación exclusiva
- 1 posto de Técnico de desenvolvemento rural
- 1 posto de Auxiliar administrativo

O réxime de contratación será laboral mediante a modalidade de contratación de duración determinada por obra e servizo segundo o artigo 15.1ª) do RD Lexislativo 1/1995 de 24 de marzo e o RD 2720/1998

A duración do contrato do Director-Xerente abrangue a totalidade do período de xestión do programa Leader do GDR Ribeira Sacra, en principio, con data de remate o 31 de decembro de 2015

A duración dos contratos do Técnico e Administrativo, abranguen ata o 31 de decembro de 2013. Podándose establecer as prórrogas posteriores necesarias en función das dispoñibilidades de tesourería da medida orzamentaria do programa Leader do GDR Ribeira Sacra "431 Gastos de funcionamento do GDR, adquisición de capacidades e promoción territorial"

## **2. FUNCÍONS:**

a) Serán funcións do Director-Xerente:

- Movilización, animación e dinamización do territorio
- Promoción, captación e seguimento de iniciativas
- Apoio técnico para a selección e valoración de proxectos
- Organización, coordinación e supervisión das tarefas encomendadas ao personal técnico e administrativo adscrito ao programa
- Asistencia técnica e informativa das Xuntas Directivas e Asamblea Xeral do GDR
- Execución e desenvolvemento dos acordos adoptados pola Xunta Directiva
- Coordinación con outros axentes que traballen no desenvolvemento do territorio (ADL, técnicos de medio rural, AGADER, e outras administracións locais, autonómica ou estatal.)
- Concreción de estratexias para levar a cabo os obxectivos do GDR, atendendo ás directrices da Xunta Directiva da Asociación

b) Serán funcións do Técnico:

- Colaboración co xerente nas labores de mobilización e dinamización do territorio
- Análise e valoración de proxectos e emisión do Informe de Control de elegibilidade ICE
- Seguimento, control financeiro do programa e relacións cas entidades financeiras
- Seguimento e control da execución dos proxectos
- Asesoramento aos promotores
- Fiscalización e supervisión da acreditación das inversións dos promotores

c) Serán funcións do Administrativo:

- Manexo da aplicación informática para a xestión do programa
- Recepción e intervención dos documentos xustificativos das inversións
- Utilización dos programas informáticos e de contabilidade do GDR
- Recepción, rexistro e arquivo de documentación
- Responsabilidade na actualización de contidos da páxina web do GDR
- Tarefas administrativas que se deriven das relacións do GDR Ribeira Sacra con outras entidades ou administracións.

### **3. REQUISITOS DOS ASPIRANTES:**

Para poder participar no proceso selectivo será necesario reunir os seguintes requisitos:

a) Xerais:

- Ser cidadán español ou cidadán da UE
- Ser maior de 18 anos
- Acreditar o coñecemento do galego mediante certificado de perfeccionamento ou equivalente
- Carnet de conducir e vehículo propio
- Acreditar unha conta de correo electrónico aos efectos de comunicacións durante o proceso selectivo.
- Non desenvolver cargos electos no GDR Ribeira Sacra nin en calquera outro GDR de Galicia.
- Non padecer enfermidade ou defecto físico que impidan o desempeño das correspondientes funcións
- Non estar incurso nas causas de incompatibilidade aplicables ao persoal ao servizo da administración da Comunidade Autónoma Galega.

**b) Específicos:**

**b.1) Para o posto de Director- Xerente:**

- Titulación mínima de Licenciatura ou Enxeneira superior

**b.2) Para o posto de Técnico:**

- Titulación mínima de Licenciatura na rama economía ou empresa.

**b.3) Para o posto de Administrativo**

- Titulación mínima de Bacharelato ou FP de Grao superior.
- Coñecementos demostrables en contabilidade, informática de xestión, xestión de páxinas web,

Todos os requisitos anteriores débense reunir no día que finalice o prazo de presentación de solicitudes e manterse durante o proceso de selección ata o momento do nombramento.

**4. SOLICITUDES:**

A solicitude consistirá nunha instancia (que figura como anexo 1) dirixida ao GDR Ribeira Sacra na que se fará constar o posto para o que se concorre, así como que se reúnen todos os requisitos esixidos na base 3 da convocatoria.

A esta solicitude deberá acompañarse un CV coa documentación orixinal ou cotexada e que será a que se acredite os méritos a computar para a fase de concurso. Tamén é necesario adxuntar unha copia do expediente académico da titulación que se acredite, unha fotocopia do DNI e facilitar unha dirección de correo electrónico aos efectos de comunicación cos aspirantes.

O documentación orixinal devolverase ao aspirante o finalizar o proceso.

Poderáse cotexar documentos na mesma sede do GDR en horario de 10 a 13 h de luns a venres, sendo preciso que os candidatos aporten as fotocopias dos documentos a cotexar.

As solicitudes entregaranse nas oficinas do GDR Ribeira Sacra, sitas en Avda. Galicia s/n en Rubian (Bóveda) en horario de maná de luns a venres de 10 a 14 h, tendo como prazo límite dez días naturais a contar dende o seguinte a publicación do anuncio na prensa escrita.

Aquel aspirante que remita a documentación por correo, necesariamente deberá remitila documentación dentro do prazo establecido, e neste caso o aspirante deberá xustificar a data de imposición do envío na oficina de correos e anunciarlo ao comité de selección mediante fax (nº 982424141) ou telegrama no mesmo día. Sin a concurrencia de ambos requisitos no será admitida a proposición en ningún caso.

Non serán admitidos os aspirantes que presentan a documentación fora do prazo ou que non reúnan os requisitos esixidos na base terceira.

## **5.- PUBLICIDADE DA CONTRATACIÓN E EXPOSICIÓN DAS BASES**

O anuncio do proceso selectivo publicaráse no diario El Progreso e La Voz de Galicia.

Comunicarase a convocatoria a todos os asociados do GDR Ribeira Sacra para que contribúan a súa divulgación nas súas páxinas web, taboleiros de anuncios.

Estarán colocadas no taboleiro de anuncios da sede administrativa do GDR Ribeira Sacra (avda. Galicia s/n, Rubian- Bóveda-Lugo)

## **6. ADMISIÓN DE ASPIRANTES:**

Unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes publicarse no prazo máximo de 10 días no taboleiro do GDR Ribeira Sacra a lista provisional cos aspirantes admitidos e excluídos para cada posto, así como a causa de exclusión.

Dos aspirantes admitidos incluíráse a puntuación acadada cos méritos aportados.

Disporase dun prazo de cinco días naturais para a presentación de reclamacións a esta lista provisional, que serán resoltas coa publicación da lista definitiva

As comunicacións cos aspirantes será mediante publicación no taboleiro do GDR e por correo electrónico cos aspirantes (tanto os admitido no proceso como os excluídos), polo cal será requisito indispensable que todos os aspirantes faciliten una dirección de correo electrónico.

## **7. COMISIÓN DE SELECCIÓN:**

O comité de selección estará constituído por:

**Presidente,** O Presidente do GDR Ribeira Sacra ou persoa en quen delegue, D. Julio Álvarez Núñez

**Vocais:** O Vicepresidente do GDR, D. José Ramón Losada Fernández; o Tesoureiro do GDR Ribeira Sacra, D Carlos Losada Rodríguez (de ser o caso estes vocais poderán delegar a súa representación noutros membros privados da xunta directiva do GDR), e un representante nomeado por Agader con voz pero sin voto.

**Secretario,** con voz pero sin voto, o Secretario do GDR Ribeira Sacra, D José Manuel Arías López

O comité poderá dirixirse en calquera momento aos aspirantes para que acrediten a súa identidade.

O comité é soberano para resolver as dúbidas que xurdan e para tomar os acordos necesarios para o desenvolvemento das probas en todo o non previsto nestas bases.

Ao comité de selección sumarase o Director-Xerente unha vez efectuada a súa contratación, asesorando e coordinando o proceso e as probas de selección do técnico a administrativo. A súa participación será con voz pero sin voto.

## **8. SISTEMA DE SELECCIÓN:**

A selección realizarase en tres fases:

**-Primeira Fase: Proba escrita:** terá carácter eliminatorio e consistirá nunha proba escrita que versará sobre os contidos recollidos na base 10. Poderanse obter ata 50 puntos, sendo a puntuación mínima a acadar de 25 puntos

**-Segunda Fase: Valoración de méritos:** poderase obter ata un máximo de 25 puntos

**-Terceira Fase: Entrevista:** valoraranse as experiencias anteriores, as aptitudes, actitudes e motivación para o posto. Poderase obter ata 25 puntos.

Para pasar a fase da entrevista como mínimo haberá que acadar 10 puntos na fase de méritos.

En todo caso, a fase da entrevista tan só pasaran as tres maiores puntuacións sumadas as fases primeira e segunda.

## **9. ACTUACIÓN DOS ASPIRANTES**

Os aspirantes serán convocados provistos de DNI en chamamento único, cun mínimo de 24 h de antelación. A non presentación do aspirante a fase primeira, e terceira de ser o caso, no momento de ser chamado determinará automaticamente o cese do seu dereito a participar no mesmo, quedando excluídos en consecuencia do proceso selectivo.

## **10. PROBA ESCRITA:**

Esta fase consistirá nun cuestionario/ test e/ou un ou varios supostos prácticos relacionados co posto a desenvolver.

Valorarase a claridade expositiva, a capacidade organizativa, a calidade técnica así coma os coñecementos teóricos relacionados co posto de traballo.

Facultase ao tribunal para convocar ás persoas a defensa oral dos seus exercicios.

A continuación descríbese os contidos das probas para cada un dos perfis:

a) Para o xerente:

O territorio do GDR Ribeira Sacra: territorio, poboación, condicións sociais e estrutura produtiva.

Bases reguladoras para a selección de programas de desenvolvemento rural e para a selección e recoñecemento dos Grupos de Desenvolvemento Rural como entidades colaboradoras na xestión do Programa “Leader Galiza 2007-2013”

Réxime de axudas do programa Leader Galiza 2007-2013

Convenio de colaboración entre Agader e os GDR

Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia.

b) Para o técnico:

O territorio do GDR Ribeira Sacra: territorio, poboación, condicións sociais e estrutura produtiva.

Réxime de axudas do programa Leader Galiza 2007-2013.

Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia.

Analise e valoración económica-financeira de proxectos.

b) Para o administrativo:

O territorio do GDR Ribeira Sacra: territorio, poboación, condicións sociais e estrutura produtiva

Informática Básica. Procesadores de texto: Word, Follas de cálculo, Bases de datos, Presentacións, Programas de contabilidade, Internet, videoconferencias.

## **11. VALORACIÓN DE MÉRITOS:**

### **I. Experiencia laboral na xestión de programas de desenvolvemento rural (máximo 11 puntos).**

Por cada ano traballado 2 puntos

A experiencia laboral acreditarase cos contratos de traballo ou certificados das empresas, ou certificado de vida laboral.

### **II. Formación (máximo 9 puntos)**

II.1- Nota media na titulación acreditada (máximo 6 puntos)

De 3,40 a 4..... 6 puntos

De 2,45 a 3,39..... 5 puntos

De 1,75 a 2,44..... 3 puntos

A nota media calcularase segundo a nota obtida en cada materia polo número de créditos: matrícula de honra 4 puntos, sobresainte 3 puntos, notabel 2 puntos e aprobado 1 punto. Aquelas materias que non se superasen na primeira convocatoria sufrirán unha redución do 15% da puntuación correspondente por cada convocatoria empregada para superala. A puntuación total obtida dividirase entre o número de créditos da titulación.

II.2 - Por outras titulacións iguais ou superiores as esixidas na convocatoria (máximo 1 punto)

Por cada licenciatura ou enxenería superior: 0,5 puntos

Por doutorado: 0,5 puntos

II.3- Por formación de postgrado (postgraos, masters) relacionadas cas funcións a desempeñar otorgarase 0,5 puntos por cada un dos acreditados cun máximo de un punto.

II.4- Outros idiomas: Máximo 0,5 puntos

Valorarase o nivel superior en Ingles e/ou Francés mediante a certificación expedida pola correspondiente Escola Oficial de Idiomas. 0,25 en cada idioma

II.5- Asistencia a xornadas, seminario e realización de cursos relacionados cas funcións a desempeñar (máximo 0,5 puntos). 0,005 puntos por cada 10 horas de formación

### **III. Outros (máximo 5)**

- Formación impartida: otorgarase 0,02 puntos por cursos, charlas conferencias impartidas relacionadas co desempeño do posto de traballo ata un máximo de un punto, acreditados cos correspondentes certificados.

- Por artigos e obras publicadas, con ISSN, ISBN ou depósito legal máximo un punto.

- como autor, 0,05 puntos por cada artigo e/ou obra
- como co-autor, 0,03 puntos por cada artigo e/ou obra
- coordinador responsable de publicacións, 0,02 puntos por cada artigo e/ou obra

Artigos: acreditaranse coa portada da publicación; páxina na que figure o ISSN, ISBN e depósito legal da publicación así como o nome do autor do artigo e a copia do artigo

Libros: acreditaranse coa portada do libro, e da páxina onde figuren os créditos do libro: ISSN, ISBN, depósito legal e o nome do autor

- Por residir no ámbito territorial de actuación do GDR Ribeira Sacra, acreditado con certificado de empadronamento, 2 punto

Os méritos alegados deben estar xustificados na data de final de presentación de solicitudes.

## **12. PUNTUACIÓNS FINAIS:**

Rematado o proceso farase pública no tablón do GDR Ribeira Sacra a puntuación obtida por cada aspirante así como os candidatos seleccionados.

## **13. CONTRATACIÓN:**

Por delegación expresa da Xunta Directiva do GDR Ribeira Sacra na súa xuntanza do 17 de febreiro de 2009, unha vez finalizado os procesos selectivos a proposta do comité de selección será definitiva e notificaráse ao interesado para que suscriba o contrato laboral por obra e servicios no prazo que se indique.

Se non suscribe no citado prazo, perderá o seu dereito a acceder ao posto de traballo

**A XUNTA DIRECTIVA DO GDR RIBEIRA SACRA**

## **Anexo 1: Modelo de solicitude**

D/Dna \_\_\_\_\_, con  
DNI nº \_\_\_\_\_, en virtude da convocatoria para a  
contratación de persoal para o programa Leader 2007-2013 do GDR Ribeira  
Sacra

### **SOLICITA**

Participar no proceso de selección do posto \_\_\_\_\_  
do programa Leader 2007-2013 do GDR Ribeira Sacra

Xúntase a seguinte documentación (orixinal ou copia cotexada)

- DNI
- Titulación esixida na convocatoria,
- Acreditación do coñecemento do galego
- Currículum vitae, acompañados dos documentos acreditativos dos méritos alegados
- Comunicación escrita dunha conta de correo electrónica aos efectos de comunicacións co aspirante.
- Carnet de conducir e declaración de dispoñibilidade de vehículo
- Declaración de non estar incurso nas causas de incompatibilidade aplicables ao personal ao servizo da Comunidade Autónoma Galega
- Declaración de non desempeño de cargos electos en ningún GDR de Galicia.
- Declaración de non padecer enfermidade ou eiva física que impida o desempeño das correspondentes funcións

En \_\_\_\_\_ a \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2009.

Asdo: \_\_\_\_\_

**Sr. Presidente do GDR Ribeira Sacra**  
Avda Galicia s/n, Rubian (Bóveda), 27350 - Lugo